



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental



*Informe climatolóxico
Mes de abril 2010*

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE ABRIL 2010



1.- Resumo

Mes cálido e seco en xeral

O mes de abril estivo marcada polas situacións anticiclónicas e de atmosfera estable, logo de varios meses consecutivos de moita variabilidade, polo que deixou períodos en xeral escasos de chuvia, tanto en número de días como en cantidade, e temperaturas altas para a época do ano. De tódolos xeitos a primeira metade do mes aínda estivo marcada polo variabilidade, con chuvascos intermitentes e temperaturas baixas. Nestes primeiros días o anticiclón comezaba a achegarse e as borrascas íanse movendo cara ó norte, polo que as masas de aire chegaban dende o noroeste. A partir do día 7 as altas presións dominaron a situación en Galicia, situándose ó norte da península Ibérica, achegando aire relativamente cálido e seco. Esta situación mantívose ata o 14 de abril, cun máximo entre o 9 e o 11, cando as temperaturas máximas superaron os 25°C en puntos do interior. Entre o día 12 e o 14 o tempo mantívose seco pero máis frío, posto que as altas presións movéronse cara ó norte. O día 15 Galicia quedou baixo a influencia dun centro de baixas presións que se situou ó oeste de Lisboa, deixando un tempo inestable, de chuvascos, aínda que de temperaturas suaves. Esta borrasca foi a que salvou a Galicia da presenza de cinzas volcánicas procedentes dun volcán islandés que estoupara o día 13 e deixará o espazo aéreo de práctica totalidade de Europa pechado. Esta situación inestable con ventos de compoñente sur mantívose en Galicia ata o día 24, cunha pequena paréntese os días 19 e 20. Na derradeira semana tivemos 3 días (26, 27 e 28) caracterizados polas altas temperaturas e alta humidade en superficie, con termómetros superando os 25°C de forma xeneralizada e rozando os 30°C en puntos do interior. Os derradeiros dous días estiveron marcados pola entrada de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera provocando a aparición de treboadas, co conseguinte descenso térmico.

Temperaturas:

As temperaturas estiveron en xeral por riba da media esperada nun mes de abril. Isto é debido a que salvo na primeira semana do mes o resto de episodios, tanto de anticiclón como de borrasca estiveron marcados polas temperaturas altas. As altas temperaturas deixáronse notar principalmente nos valores máximos, estando o promedio do mes entre 3°C e 4°C por riba da media das máximas en abril.

Chuvias:

As chuvias estiveron en xeral por debaixo do agardado en abril, tanto as cantidades como o número de días. Apenas se rexistraron durante este mes o paso de sistemas frontais, quedando as chuvias confinadas á primeira semana, cando foron escasas, e chuvias convectivas no medio dos episodios anticiclónicos.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (Cis Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	ABRIL 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.9	12.5	15.2(1997)	10.0 (1986)
Tª mínima media	10.0	9.5	11.3 (1984, 1997)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 5)	3.0 (08/04/1986)		
Tª máxima media	18.7	15.6	19.1 (1997)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	27.7 (día 27)	28 (22/04/1984)		
Precipitación acumulada	38	67-87	219 (1998)	5 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	9	13	27 (1998)	2 (1982)

Comentario:

Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para a temperatura mínima pódese considerar cálido.

A precipitación acumulada é moi inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén é inferior ao agardado.

**SANTIAGO**

	ABRIL 2010	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.1	12.0	15.7 (1997)	8.3 (1986)
Tª mínima media	8.0	7.4	9.3 (1984)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	2.5 (día 5)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª máxima media	19.0	16.6	22.3 (1997)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	27.4 (día 28)	30.8 (11/04/1995)		
Precipitación acumulada	64	85-151	405 (1998)	33 (1997)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	11	15	28 (1998)	6 (1995)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas media e mínima mentres que moi cálido para a temperatura máxima con máis de 2°C de diferenza por riba do valor agardado.

A chuvia acumulada é moi inferior ao rango normal polo que o mes considérase moi seco. Tamén os días de chuvia son inferiores ao agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	ABRIL 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.8	10.4	14.1 (1997)	8.0 (1986)
Tª mínima media	6.3	5.4	7.9 (1984)	3.3 (1974)
Tª mínima absoluta	-0.4 (día 5)	-3.0 (1 e 7/04/1975)		
Tª máxima media	19.0	15.3	21.3 (1997)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	28.8 (día 28)	30.0 (28/04/1994)		
Precipitación acumulada	60	58-72	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	10	12	25 (1998)	3 (1974)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas mínimas e medias, e moi cálido no que respecta á temperatura máximas superándose en máis de 3°C o valor climático.

A chuvia acumulada está dentro do valor normal se ben os días de chuvia son inferiores ao agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	ABRIL 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.6	12.7	16.0 (1997)	10.0 (1986)
Tª mínima media	9.1	7.3	10.2 (1984)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	3.1 (días 4 e 5)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª máxima media	21.2	18.0	22.4(1997)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	27.4 (día 11)	30.4 (30/04/1997)		
Precipitación acumulada	47	98-132	430 (2000)	22 (1975)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	9	12	28 (1998)	3 (1980)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral destacando a temperatura máxima con 3°C de diferenza con respecto ó valor agardado.

A chuvia acumulada foi moi inferior ao rango normal de valores polo que o mes considérase moi seco, isto tamén se aprecia no número de días de choiva moi inferior ao agardado.

OURENSE

	ABRIL 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.7	12.8	16.5 (1997)	9.4 (1986)
Tª mínima media	8.5	6.3	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	2.9 (día 5)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª máxima media	22.1	19.2	24.7 (1997)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	29.4 (día 26)	32.8 (06/04/1994)		
Precipitación acumulada	50	41-65	188 (1998)	12 (1982)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	8	10	25 (2000)	3 (1980,82)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral no que respecta a todas as temperaturas, chegándose a case 2°C de diferenza por riba do valor agardado en todas elas.


A chuvia acumulada está dentro do rango normal mentres que os días de chuvia son inferiores ao valor agardado.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presións a nivel medio do mar
Abril 2010






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.
Abril 2010





3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 04/2010

www.meteogalicia.es